

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 16 DE MARZO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:00 horas do día 16 de marzo de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 14 de marzo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. David Regades Fernández
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Óscar Couce Senra (asiste ao punto 6a e 6b)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste ao punto 6a e 6b)
D. Rubén Peña Barceló (asiste ao punto 6c)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal lindeiros ao Hospital Álvaro Cunqueiro (4180-440)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 14 de marzo de 2017, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados, así como o informe do 16 de marzo de 2017, que rectifica o anterior, na propia sesión. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

1. CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.
2. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
3. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
4. T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L.
5. NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.
6. MISTURAS, S.A.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu (4096-440)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 03:50	Páxina 1 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AB42-8152E4-CDA757-ARPEQB-ZCZQJA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 14 de marzo de 2017, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados, así como o informe do 16 de marzo de 2017, que rectifica o anterior, na propia sesión. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

- CIVIS GLOBAL, S.L.
- UTE CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. E CONSTRUCCIONES HERMANOS CARRAJO, S.A.
- UTE NEMESIO ORDÓÑEZ S A. - MONCOSA OHS, S.A.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” (15.315-333)

Entrégase o informe asinado polo director deportivo - xefe da Unidade Técnica do 14 de marzo de 2017, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados, así como o informe do 16 de marzo de 2017, que rectifica o anterior, na propia sesión. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

- SENES CIT, S.L.
- MAREXADA LECER, DEPORTE E CULTURA, S.L.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 03:50	Páxina 2 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AB42-8152E4-CDA757-ARPEQB-ZCZQJA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		